

Estrutura dunha noticia

TITULAR

Que sexa creativo, orixinal e chame a atención.

CORPO DA NOTICIA

O corpo da noticia responderá as seguintes cuestións:

- **Que:** a idea que xera a noticia (cal é o tema principal).
- **Quen:** as persoas ás que lle afecta a noticia.
- **Cando:** momento temporal no cal transcorre a noticia.
- **Onde:** o lugar ou espazo onde ocorre a noticia.
- **Por que:** a causa ou motivo que xerou a noticia.

IMAXE DA NOTICIA

Moitas noticias levan **ilustracións ou fotografías** que axudan a entender mellor a información que se explica no contido.

As imaxes levan un pé de foto: onde se explica o que sae na imaxe.

Exemplos:

Atletas celebrando a vitoria tras unha carreira de relevos emocionante

Ciclistas atravesan a liña de meta tras unha dura etapa da competición.

A nadadora rompe o récord e conquista o ouro no campionato nacional.

AUTORÍA

Nome do equipo e integrantes do mesmo que realizaron a noticia.



"Estrutura dunha noticia", do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)